



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUGARDOS

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 1-I reguladora do imposto sobre bens inmobles

Expediente núm.: 1224/2025

Anuncio de aprobación inicial no BOP

Procedemento: Modificación Ordenanza Fiscal Reguladora

ANUNCIO

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº1-I REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

O Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día 24 de setembro de 2025, aprobou provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal nº1-I, reguladora do imposto sobre bens inmobles nos seus artigos nº1, nº3, eliminando o artigo nº4 e modificando a disposición derradeira.

De conformidade co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente respectivo nas dependencias municipais e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://mugardos.sedelectronica.gal>].

No caso de que non se presenten reclamacións entenderanse definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto das modificacións aprobadas no BOP para a súa entrada en vigor.

Mugardos, a 02 de outubro de 2025.

A concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica, do Concello de Mugardos (Decreto 2023-0615 de 26/06/2023).

Ana María Varela Bastida.

2025/6435

Expediente: 1224 /2025

Dilixencia: O presente documento expónse ao público no taboleiro de edictos do Concello de Mugardos durante o prazo de trinta días hábiles, dende o 08 de outubro de 2025 ata o 18 de novembro de 2025, ámbolos dous inclusive.

Asinado pola notificadora municipal na data que figura no panel de sinatura.

